

BIEITO E MANUELA.

---

MANUELA.— Qué foi, que tan morno vès,  
Tan triste è remagarido,  
Como si houberas perdido  
Os mellores bois que tès?

BIEITO.— Pois ti n'ouiches Manuela,  
Tocar à morto os badales  
Con pancadas desiguales,  
Na vila, por Valenzuela?  
Muito ò podian querer  
Pois tanto ò botan de menos!  
Homes, mulleres è nenos,  
Todo-lo sinten morrer.

MANUELA.— E que? todos hemos de ir  
Por ese mesmo camiño.  
Morreuche à ti ò meu miniño  
Pará tanto te afrigir?

BIEITO.— E verdá que non; mais èl  
Enseñabame ó rapaz.  
Que leuto, agudo, è capaz!  
Que don de ensinar aquel!  
E dimpois, ¡que natural!  
El falaba con calquera:

Un home sin ventolera:  
 Un maestro sin igual:  
 Vaya, n'ó vin tan cabal,  
 Que tanto gusto me dera.

MANUELA.— Pois sabes que mais? Espera  
 Por ben recibir un mal.  
 Non faltaba mais si non  
 Que ti morreses tamen  
 De sentimento por quen  
 Outro no sitio non pon;  
 Nin ha de chorar por ti,  
 Nin ter man da tua casa,  
 Que si se queima è se abrasa,  
 Ch'a deixan quedar asi.  
 Ja tès esbagoado ben,  
 Volve en ti, non chores mais,  
 Que òs seus chegados è pais  
 Esa coita lles porten.

BIEITO.— Eu n'ó podo remediar  
 Asegúrocho, Manuela,  
 Que á D. Anton Valenzuela  
 Heino sempre de chorar.  
 Que as bagoas son para os bos,  
 Para os homes virtuosos,  
 Modestos é humildosos  
 Que tan poucos nos da Dios.  
 Que perda! Fora mellor  
 Que no jardin de Minerva  
 Non se dera mais que herba,  
 E non nacera esa flor!

JUAN MANUEL PINTOS.